

**ACTA Nº 1/2014
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O 28 DE
MAIO DE 2014**

ORDE DO DÍA

I.- ACTA ANTERIOR

*II.- ESTABLECIMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE
CAMPAMENTO DE VERÁN 2014*

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

- D. Alberto Valverde Pérez

CONCELLEIROS

- D. Alberto García Pazos
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.^a M.^a José Pino Fernández
- D. Antonio Souto Martínez
- D. José Antonio Vidal Meneses

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Outros datos da sesión:

- *Data:* 28 de maio de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 09:29
- *Hora de remate:* 09.34.
- *Número legal de membros:* 6
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 6

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 23-06-2011.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Xunta ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, e non producíndose intervencións, declaraa aprobada.

II.- ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE CAMPAMENTO DE VERÁN 2014

A Comisión Especial de Contas, na súa sesión ordinaria do 21 de maio de 2014, informa favorablemente o expediente do prezo público para a actividade "campamento de verán 2014", coa seguinte proposta da Alcaldía:

PROPOSTA PARA O ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE CAMPAMENTO DE VERÁN 2014

1.- A Concellería de Patrimonio, Igualdade e Xuventude a través do Centro de Información ás Mulleres ten previsto organizar o Campamento de Verán 2014 coa finalidade de articular un recurso que facilite a conciliación da vida laboral, familiar e persoal co coidado dos nenos e nenas.

Xustificación da necesidade que se pretende cubrir

O verán representa unha situación problemática para as familias nigranenses ante a carencia de recursos públicos e/ou privados no Concello de Nigrán e na Comarca do Val Miñor que permitan a conciliación unha vez rematado o curso escolar.

A Concellería de Patrimonio, Igualdade e Xuventude consciente de esta necesidade ven organizando o campamento urbano dende o ano 2011 cunha excelente acollida. Coa finalidade de dar resposta a esta necesidade, propoñémosnos organizar un novo campamento para o ano 2014.

Esta actividade está incluída no II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Nigrán.

Por outra parte compre sinalar que a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local que modifica a Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, enumera no artigo 25 as competencias propias municipais, incluíndo no parágrafo 2 apartado l) "a promoción do deporte e instalación

deportivas e de ocupación do tempo libre”

Obxectivos

- Proporcionar ás nais e pais a posibilidade de conciliar as obrigacións familiares e laborais.
- Promover nos nenos e nenas participantes actitudes igualitarias e non sexistas

Número de persoas participantes

No “Campamento de Verán 2014” ofertaranse 80 prazas para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e 11 anos

Lugar, datas e horarios

O campamento desenvolverase dende o 25 de xuño ata o 31 de xullo nas instalacións do CPI Panxón para o que se solicitará a preceptiva autorización á Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dende o campamento proporáanse dous horarios diferentes organizados en intervalos temporales concéntricos coa finalidade de responder ás necesidades das persoas participantes: 65 das prazas terán un horario das 9:00 horas ás 14:00 horas e as 15 prazas restantes terán un horario das 8:00 horas ás 15:00 horas

Custos da realización da actividade

A realización do Campamento de Verán 2014 conleva os seguintes custos.

a) Contratación dunha entidade para o desenvolvemento do campamento de verán 2014.

Solicitaráanse cinco orzamentos a outras tantas entidades das que tres presentaron ofertas económicas. A continuación detállanse as entidades e os importes dos orzamentos presentados:

- Imaxina. Servizos Educativos e Culturais: aportou un orzamento cun importe total de 9.200,00 euros
- Pasatempos Escola de Tempo Libre: aportou un orzamento cun importe de 9.090,00 euros máis IVE, o que arroxa un total de 9.999,00 euros.
- Conforocio: aportou un orzamento cun importe de 9.695,00 euros.

A realización da actividade “Campamento de Verán 2014” adjudicouse á entidade “Imaxina. Servizos Educativos e Culturais” por ter presentado a proposta económica máis vantaxosa cun importe de 9.200 euros

b) Contratación dunha entidade para a limpeza das instalacións do CIP Panxón que se utilizarán para o desenvolvemento do campamento.

Solicitouse un orzamento a Val Miñor Limpezas, sendo o importe do orzamento de 518,63 euros co IVE incluído.

O custo total do “Campamento de Verán 2014” ascenderá a un importe de 9.718,63 euros

Financiamento

Para a financiación de esta actividade contarase cos seguintes recursos:

a) Os prezos públicos que aboarán as persoas participantes. Segundo o exposto na memoria económico financeira, recaudarase un total de 6.150 euros.

b) Recursos propios do Concello de Nigrán: dende o Concello de Nigrán aportárase a cantidade que resulta da diferenza entre o custe total do campamento e a cantidade que se recaude dos prezos abonados polas persoas participantes e que ascende a un total de 3.568,63 euros.

2.- Proposta de acordo para o establecemento dos prezos públicos

Segundo o exposto nesta proposta para o establecemento dos prezos públicos para a realización da actividade “Campamento de verán 2014”, e na memoria económico financeira que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 3.3.a) da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Nigrán propónse o acordo de establecemento do prezos públicos nos seguintes termos:

A cuantía dos prezos públicos para as persoas participantes no Campamento de Verán 2014 será a que a continuación se relacionan:

Campamento urbano 2014, horario ordinario (9:00/14:00)	75,00 euros
Campamento urbano 2014, horario ampliado (8:00/15:00)	85,00 euros

Deliberación.- Non se producen intervencións.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6
- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: Ningunha

Coa maioría sinalada, a Xunta de Goberno Local, en uso da delegación outorgada polo

Pleno do Concello na sesión de 29-11-2012 ao abeiro do disposto no artigo 47.1 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo e no artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, acorda aprobar nos seus propios termos a proposta de prezos públicos ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

